



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 27 DE SETEMBRO DE 2024

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ

LUCIA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Excusan a súa asistencia os Concelleiros:

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:37 horas do día 27 de setembro de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 13.09.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 13.09.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000017

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.09.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 27.09.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000017



OBXECTO:	PINTADO DE GALERÍA EN
PROMOTOR/A:	
<u>CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:</u>	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo Urbano Consolidado
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	700,00 €
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	A solicitude, na que se indican as obras que se pretenden executar.
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUCCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 05.09.2024 (Expte.: 1975/24)
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 13.09.2024)	CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020 CONDICIÓNS PARTICULARES Cumprírase o condicionado da/s autorización/s sectoriais.

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico por parte do arquitecto técnico municipal de data 13.09.2024.
- Visto o informe xurídico da técnico de administración xeral de data 18.09.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 13.09.2024.

3º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.



5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

7º) Notificar o presente acordo á persoa interesada,dándolle así mesmo traslado da Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 05.09.2024 (Expte.:1975/24)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000020

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.09.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 27.09.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000020

OBXECTO:	PINTADO DA FACHADA
PROMOTOR/A:	
<u>CONSIDERACIONS URBANISTICAS:</u>	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo Urbano Consolidado
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	1.020,00€
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	A solicitude, na que se indican as obras que se pretenden executar.
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 11.09.2024 (Expte.: 2168/24)
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 13.09.2024)	CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020 CONDICIÓNS PARTICULARES Cumprirase o condicionado da/s autorización/s sectoriais.



Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico por parte do arquitecto técnico municipal de data 13.09.2024.
- Visto o informe xurídico da técnico de administración xeral de data 20.09.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 13.09.2024.

3º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

7º) Notificar o presente acordo á persoa interesada, dándolle así mesmo traslado da Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 11.09.2024 (Expte.: 2168/24).”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/34

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 26.09.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000289

Asunto: aprobación de gastos. Relación de facturas F/2024/34

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F-2024-34 que suma un importe total de 144.337,81 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2023/3450	2023_A12_07	14/12/2023	B06909501	MERAKI CR S.L.	LIQUIDACIÓN ""SUBSTITUCIÓN DO POLIDEPORTIVO	O	342	63200	15.038,63 €



					MUNICIPAL DE CEDEIRA**** EXP 201/C003/000005				
F/2024/2114	24 208	31/07/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU JULIO DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/2417	24 223	31/08/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU AGOSTO DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/2451	2024/2370	31/08/2024	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Agosto 2024	SE	1623	22799	30.582,94 €
F/2024/2602	24 584	16/09/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	Servizo de Limpeza de Praias 2024	SE	170	22799	16.496,54 €

TOTAL 144.337,81 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 25.09.2024 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2024/34 no que se sinala o seguinte:” (...) Sobre as seguintes facturas presentadas a fiscalización, se formulan as seguintes observacións e reparos:

Nº REX	Nº FRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/2114	24 208	31/07/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU JULIO DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/2417	24 223	31/08/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU AGOSTO DE 2024	SE	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/2602	24 584	16/09/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	Servizo de Limpeza de Praias 2024	SE	170	22799	16.496,54 €

O contrato menor non se pode empregar como procedemento de contratación para a satisfacción de necesidades de tracto sucesivo e/ou estruturais. É necesario que se regularicen mediante a súa licitación.

Insístese no argumento reiterado en todos os informes de fiscalización de facturas relativo ao elevado número de prestacións que se tramitan como contrato menor e que teñen carácter estrutural, é dicir, se corresponden con necesidades de carácter permanente ou reiterado, ben por ser de existencia preceptiva ou por decisión política; por tanto a súa propia natureza fai que a contratación menor sexa improcedente e irregular para contratar estas prestacións.

A importancia da licitación está non só en que supón un incumprimento da normativa contractual, senón que ademais ten consecuencias prácticas importantes:

- Falta de control das prestacións que non están reguladas e non constan previamente e por escrito as características destas (inseguridade xurídica e dificultades para eventuais reclamacións por parte do concello ante prestacións defectuosas).
- Aplicación automática de incrementos anuais por parte dos provedores.
- Antieconomías: é moi probable que a licitación previa, ao incrementar a competencia (e xerar seguridade no provedor), xere aforro e a consecución desas prestacións en mellores condicións económicas.

O artigo 29 da LCSP establece o seguinte en relación coa duración dos contratos: “1La duración de los contratos del sector público deberá establecerse teniendo en cuenta la naturaleza de las prestaciones, las características de su financiación y la necesidad de someter periódicamente a concurrencia la realización de las mismas, sin perjuicio de las normas especiales aplicables a determinados contratos.

2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables



durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor. Quedan exceptuados de la obligación de preaviso los contratos cuya duración fuera inferior a dos meses.

En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes”.

Non é só xa que sexa preceptiva a consignación das posibles prórrogas e das súas condicións nos pregos, senón que estas deben respectar a **prohibición de perpetuar a prestación do servizo mediante a ampliación sucesiva da duración do contrato** por decisión municipal e cumprir ademais coa obrigaçión de someter periodicamente a licitación pública o obxecto dos contratos”.

Visto o Decreto de Alcaldía de data 26.09.2024 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17^a e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2024, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.



Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2024/34 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2024, e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 144.337,81 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 144.337,81 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000125

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 23.09.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000125.

ANTECEDENTES

Datos ben inmobile:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000647600

Exercicio: 2022 - 2023

Primeiro. Compróbase polos Servizos de Recadación do Concello que a titular do nº fixo de recibo referenciado e nos exercicios indicados a continuación, non é a propietaria do inmobile.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobiles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación



expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2022 e 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.



A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2022 e 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647600	20233515022RL01R004082					2023	47,00 €
253000647600	20223515022RL01R005298					2022	45,12 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2022 e 2023 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647600	20233515022RL01R004082					2023	47,00 €
253000647600	20223515022RL01R005298					2022	45,12 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercizo 2022 e 2023 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AV. AREA, RÚA AS PONTES, CAMIÑO REAL MAGDALENA E OUTRAS". POS+2018. EXPTE. 2017/C003/000009

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.09.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



Asunto: DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "MELLORA DAS BEIRRARRÚAS NA AV. AREA, RÚA AS PONTES, CAMIÑO REAL MAGDALENA E OUTRAS". POS+2018

Expte. 2017/C003/000009

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 168/2019 de 22 de marzo foi adjudicado o contrato de obras denominado "Mellora das beirarrúas na Av. Area, Rúa As Pontes, Camiño Real Magdalena e outras" á empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L. polo importe de **143.979,11 €** (IVE incluído).

Con data 20.03.2019 a empresa SERGONSA SERVICIOS S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a xustificación de ter constituída a garantía definitiva deste contrato polo importe de 5.949,55 €

Con data 12.09.2019 formalizouse a Acta de recepción.

Con data 13.09.2024 (rex. entrada núm. 2024/999/1861) a empresa SERGONSA SERVICIOS S.L. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 8125/819 de data 15.03.2019 da entidade Banco Santander S.A. polo importe de 5.949,55 €

Consta no expediente o informe emitido con data 20.09.2024 polo Sr. alcalde, favorable á devolución da citada garantía.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 8125/819 de data 15.03.2019 da entidade Banco Santander S.A. polo importe de 5.949,55 €.

2º.- Notificar o presente acordo á empresa adjudicataria.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DA XGL DE DATA 13.09.2024, PUNTO 3. E ACORDO DE DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "MODIFICADO NÚM. 1 DE SANEAMENTO EN AS PONTIGAS". EXPTE. 2019/C003/000003

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17.09.2024, que literalmente di:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DA XGL DE DATA 13.09.2024, PUNTO 3. E ACORDO DE DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "MODIFICADO NÚM. 1 DE SANEAMENTO EN AS PONTIGAS"

Expte. 2019/C003/000003



Advertidos erros no contido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 13.09.2024, no seu punto 3, cómpre deixar sen efecto o mesmo e proceder á redacción dunha nova proposta para a adopción do acordo correcto, co seguinte contido:

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 345/2020 de 9 de xullo foi adxudicado o contrato de obras denominado "Modificado núm. 1 de saneamento en As Pontigas" á empresa URESPA PROYECTOS Y OBRAS S.L. polo importe de 80.000,00 € (IVE incluído).

Con data 02.07.2020 a empresa adxudicataria presentou a través da Plataforma de contratos do sector público o xustificante de ter constituído o aval requirido (aval núm. 52066 da entidade AFIGAL S.G.R. de data 23.06.2020, polo importe de 3.305,79 €).

Con data 04.02.2021 formalizouse a Acta de recepción.

Con data 16.04.2024 (rex. entrada núm. 2024/999/718) a empresa URESPA PROYECTOS Y OBRAS S.L. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 52066 da entidade AFIGAL S.G.R. de data 23.06.2020, polo importe de 3.305,79 €.

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de obra con data 11.09.2024, favorable á devolución da citada garantía.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **propono** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

- 1º.- Deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 13.09.2024, punto 3.
- 2º.- Aprobar a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 52066 da entidade AFIGAL S.G.R. de data 23.06.2020, polo importe de 3.305,79 €.
- 3º.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria.
- 4º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA EN ÁREA CON CONSOLIDACIÓN NO CAMPO DO CASTRO-CASTRO DO SARRIDAL. EXPTE. 2024/C002/000039

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.09.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA EN ÁREA CON CONSOLIDACIÓN NO CAMPO DO CASTRO-CASTRO DO SARRIDAL

Expte. 2024/C002/000039



O gasto consiste na intervención no Campo do Castro ou Castro Sarridal, referida á escavación arqueolóxica dunha superficie de 70 m² situados a continuación do paramento exterior do Forno da Sauna Castrexa, na parcela municipal do Campo do Castro ou Castro Sarridal na que se exhumou un Monumento con Forno, “Pedra Formosa”, ou Sauna Castrexa.

Para este servizo de escavación recibíronse os seguintes orzamentos:

- D. Emilio Ramil González, con DNI [redacted] en representación de AXA ARQUEOLOXÍA S.L., con CIF J15689441, presenta con data 14.09.2024 (RE 2024/999/1868) un orzamento para escavación arqueolóxica no presente ano 2024 no Campo do Castro ou Castro Sarridal, na área con consolidación situada a continuación do paramento exterior do Forno da Sauna Castrexa, polo importe de 14.750,00 € e 3.097,50 € en concepto de IVE (total 17.847,50 € incluído o IVE).
- D. Joaquín Constantino Ferrer Cruz, con DNI [redacted] presenta con data 14.09.2024 (RE 2024/999/1869) un orzamento para escavación arqueolóxica no presente ano 2024 no Campo do Castro ou Castro Sarridal, na área con consolidación situada a continuación do paramento exterior do Forno da Sauna Castrexa, polo importe de 15.000,00 € e 3.150,00 € en concepto de IVE (total 18.150,00 € incluído o IVE).
- D.^a Vanesa Trevín Pita, con DNI [redacted] presenta con data 15.09.2024 (RE 2024/999/1871) un orzamento para escavación arqueolóxica no presente ano 2024 no Campo do Castro ou Castro Sarridal, na área con consolidación situada a continuación do paramento exterior do Forno da Sauna Castrexa, polo importe de 14.875,00 € e 3.123,75 € en concepto de IVE (total 17.998,75 € incluído o IVE).

Con data 24.09.2024 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 17.847,50 € (IVE incluído).

Consta informe de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 24.09.2024 polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adjudicar mediante un contrato menor a AXA ARQUEOLOXÍA S.L., con CIF J15689441, o servizo de escavación arqueolóxica no presente ano 2024 no Campo do Castro ou Castro Sarridal, na área con consolidación situada a continuación do paramento exterior do Forno da Sauna Castrexa, polo importe de 14.750,00 € e 3.097,50 € en concepto de IVE (total 17.847,50 € incluído o IVE).
- 3.- Notificar o presente acordo ao adjudicatario e ao resto de licitadores.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



9. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO ANO 2024 (EXPTE 2024/A006/000012)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 26.09.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO ANO 2024 (EXPTE 2024/A006/000012)

A Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río, en diante ANPA, adícase, entre outras, a colaborar nas actividades do Centro de Ensino de Educación Infantil e Primaria Nicolás del Río e a promover actividades de conciliación da vida persoal e familiar realizando actividades complementarias e escolares.

Resultando que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria.

Visto o informe de Secretaría de data 25 de setembro de 2024 e o informe de Intervención da mesma data.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023 de 10 de xullo.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

TERCEIRO.- Conceder á Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río, con NIF G15043193, unha subvención por un importe máximo de DEZ MIL EUROS (10.000,00 EUROS), con cargo á aplicación orzamentaria 3232 48900 do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2024, para contribuír a financiar os gastos de funcionamento da Asociación.



En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

Anexo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

En Cedeira, a **** de 2024

REUNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaria da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Eva Blanco Damota, provista de D.N.I. na súa condición de Presidenta da Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río con C.I.F. G15043193 e domicilio social en Rúa López Cortón s/n.

Ambas as dúas parte recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río, dedícase, entre outras, a colaborar nas actividades do Centro de Ensino de Educación Infantil e Primaria Nicolás del Río e a promover actividades de conciliación da vida persoal e familiar realizando actividades complementarias e escolares.

2.- O Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da ANPA dentro das súas competencias en materia de promoción do deporte, ocupación do tempo de lecer e promoción da cultura, conforme ó previsto no art. 25.2 da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data **** de 2024 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a ANPA, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio, a colaboración por parte do Concello de Cedeira ao financiamento dos gastos da ANPA nas seguintes actividades que organiza:

- Actividades extraescolares
- Actividades organizadas no horario lectivo en colaboración co centro educativo
- Actividades culturais e de lecer dirixidas ás crianzas e familias socias do ANPA ou ao público xeral
- Servizo de Madrugadores
- Escola de familias, charlas e actividades dirixidas a temas de interese na educación das nenas e nenos.

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha subvención nominativa de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3232 48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2024, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desvoltas pola ANPA.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade beneficiaria

A entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financian a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poda realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

- C. I. F. da entidade



- Certificado do da Secretaría da composición da Xunta Directiva e da capacidade da Presidencia para a sinatura do convenio.
 - Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
 - Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2024, referidos ás actividades subvencionadas.
 - Declaración responsable asinada pola Secretaría da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de entidade beneficiaria, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados acreditativos ou autorizando a súa comprobación polo Concello; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación do Concello comprobarase de oficio.
 - Declaración da Secretaría da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.
 - Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.
- No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da ANPA incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Gastos do persoal e empresas das actividades obxecto do convenio
- Gastos de telefonía
- Gastos de administración (xestoría)
- Material didáctico ou de oficina
- Gastos de transporte para desprazamentos
- Seguros de responsabilidade civil
- Gastos derivados das actividades obxecto do convenio
- Gastos de alimentación e subministracións funxibles para o servizo de madrugadores

Os gastos de persoal serán subvencionables sempre que se xustifique, aínda que sexa mediante declaración xurada, que as contratacións de persoal non se realizan con persoal ou entidade vinculada coa ANPA, entendendo como tal, o recollido no artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O persoal contratado deberá aportar Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, se procede segundo o disposto no artigo 13.5 da Lei 26/2015.

En ningún caso serán subvencionables os importes de agasallos e atencións protocolarias de similar natureza, que de selo caso serán asumidas por ingresos propios da ANPA.

Non son obxecto desta subvención os investimentos, entendendo como tales os gastos de natureza inventariable; tendo esa consideración os bens inmoables, móbiles e outros susceptibles de inventario e, en todo caso, **aqueles cun importe unitario superior a 100 €.**

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificativos e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2025** a seguinte documentación:

1. Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.
 - Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.
 - Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.
 - A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.



- A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o perceptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.
- Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.
- Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen procedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2024.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2024.

DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a ANPA.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado, a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

Pola ANPA

A Presidenta
Eva Blanco Damota

A SECRETARÍA
Ana Velo Ruiz”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA O ANO 2024. (EXPEDIENTE: 2024/A006/000015)



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 26.09.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA O ANO 2024. (EXPEDIENTE: 2024/A006/000015)

A Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira, dedícase, entre outras, a promover, potenciar e desenvolver a Banda de Música Vila de Cedeira, así como promover todo tipo de actos e manifestacións de tipo cultural.

Resultando que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria.

Visto o informe de Secretaría de data 25 de setembro de 2024 e o informe de Intervención da mesma data.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023 de 10 de xullo.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

TERCEIRO.- Conceder á Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira, con NIF G15812530, unha subvención por un importe máximo de ONCE MIL EUROS (11.000,00 EUROS), con cargo á aplicación orzamentaria 334 48900 do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2024, para contribuír a financiar os gastos de funcionamento da Asociación.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

Anexo



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA

En Cedeira, a **** de 2024

REUNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaría da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E, doutra parte, Julia López Rodríguez, provisto de D. N. I. Núm. na súa condición de Presidenta da Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira con C. I. F. G15812530 e domicilio social en avenida Castela, 18, 1º, Cedeira.

Ambas as dúas parte recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira, dedícase, entre outras, a promover, potenciar e desenvolver a Banda de Música Vila de Cedeira, así como promover todo tipo de actos e manifestacións de tipo cultural.

2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades da Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data **** de 2024 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio a colaboración por parte do Concello de Cedeira ao financiamento dos gastos de funcionamento da Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira, e en particular as seguintes actividades:

- Xestión da Banda de Música Vila de Cedeira
- Realizacións de ensaios e actuacións de dita asociación
- Organización de eventos culturais
- Organización de actividades formativas para os membros da banda ou outras persoas interesadas.

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha subvención nominativa de 11.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334 48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2024, que se destinarán ao desenvolvemento dos investimentos indicados na cláusula primeira desenvoltas pola Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade beneficiaria.

¡A entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades. Faranse de xeito anual unha serie de concertos fixos no concello de Cedeira: O concerto de Santa Icí, o concerto de Nadal, o concerto do Corpus, o concerto de Primavera, o concerto do día da Muller, o concerto de Santa Ana e o concerto das Festas de Cedeira.

- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.

- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.

- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.

- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poda realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.

- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:

- C. I. F. da entidade
- Certificado sa Secretaría da composición da Xunta Directiva e da capacidade da Presidencia para firmar o convenio.
- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
- Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2024, referidos ás actividades subvencionadas.
- Declaración responsable asinada pola Secretaría da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de entidade beneficiaria, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra



ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados acreditativos ou autorizando a súa comprobación polo Concello; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio.

- Declaración do secretario da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.
 - Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.
- No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Gastos de nóminas
- Gastos de correos
- Gastos de asesoría, cota de federación e seguros
- Gastos de TGSS Cotización
- Gastos relacionados coa COVID-19 (máscaras, xel hidroalcolico, ...)
- Gastos de papelería (fotocopias, partituras, toner, folios, material de oficina,...).
- Gastos polo arranxo de instrumentos
- Gastos de teléfono, internet e outras subministracións.

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2025** a seguinte documentación:

- Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.
- Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
- Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.
- Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.
 - A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
 - A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o receptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.
- Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.
- Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen precedentes.



OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2024.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2024.

DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a Asociación Cultural Banda de Música Vila de Cedeira.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado , a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

Pola Banda de Música Vila de Cedeira

A Presidenta
Julia López Rodríguez

A SECRETARÍA

Ana Velo Ruiz”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 487/2024 DE DATA 16.09.2024 - APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26”. POS+2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 487/2024 de data 16.09.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26”. POS+2024

Nº Expediente: 2024/C003/000003

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26" , segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en febreiro de 2024, cun orzamento que ascende á cantidade de 67.555,12 € IVE incluído.



O citado proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2024), e foi aprobado polo Pleno municipal de data 08.02.2024.

A actuación que se pretende é a creación dun espazo verde dotado do mobiliario urban e elementos de xardineiría para revitalizar o espazo existente na rúa Silva, 26, ubicada no Concello de Cedeira, para que se convirta nunha zona de reunión e descanso, eliminando a “mediana axardinada” existente e dotando á superficie afectada dun espazo verde con vexetación axeitada, mobiliario urban e una pérgola de protección das inclemencias meteorolóxicas.

Constan no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2024/C003/000003:

- Proxecto técnico de febreiro de 2024, redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en febreiro de 2024, cun orzamento que ascende á cantidade de 67.555,12 € IVE incluído.
- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 07.02.2024.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 07.02.2024 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria acctal. do Concello.
- Autorización particular dos propietarios do edificio adxacente ao núm. 26 da rúa Silva, donde se pretende dotar á fachada oeste do mesmo dun debuxo artístico en toda a súa superficie (rex. entrada núm. 1278 de data 29.04.2024).
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 02.09.2024 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 02.09.2024.
- Providencia da Alcaldía de data 04.09.2024 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Acta de replanteo previo de data 10.09.2024
- Informe xurídico favorable, de data 13.09.2024
- Informe de fiscalización favorable, de data 16.09.2024

Por todo o exposto, RESOLVO:

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
2. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado **abreviado**, para o proxecto denominado “CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26”.
3. Autorizar, en contía de 67.555,12 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
4. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26” por procedemento aberto simplificado **abreviado** e asinado pola Alcaldía con data 02.09.2024.
5. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.



6. Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 503/2024 DE DATA 25.09.2024 - ADXUDICACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 503/2024 de data 25.09.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25

Nº Expediente: 2024/C003/000004

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.07.2024 foi aprobado o expediente de contratación e o Prego de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de obras denominado “MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25”, por procedemento aberto simplificado abreviado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 22.07.2024 foi publicado un anuncio na Plataforma de Contratos das Administracións Públicas.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse proposicións das seguintes empresas:

LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
AVANZA ENVIRONMENT S.L.	09-08-2024 / 08:52
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.	05-08-2024 / 16:38
LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A.	09-08-2024 / 10:38

A Mesa de contratación, logo das reunións de datas 13 de agosto, e 11 e 17 de setembro de 2024, valorou as ofertas da seguinte maneira:

- 1.- Admitir a todos os licitadores presentados.
- 2.- Valorar os criterios cuantificables de forma automática contidos no prego de cláusulas administrativas particulares, sendo os seguintes:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº de Mulleres
AVANZA ENVIRONMENT S.L.	61.561,98	2	1,5	1
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCC, S.A.	63.800,00	34	25	2



LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A.	63.323,67	17	17	1
-------------------------------	-----------	----	----	---

A continuación, a Mesa procede á valoración das ofertas, de acordo cos criterios de aplicación automática recollidos no anexo III do PCAP e obtéñese a seguinte puntuación:

Licitador	Puntuación oferta económica	Puntuación persoal fixo	Puntuación porcentaxe mulleres	Total
AVANZA ENVIRONMENT S.L.	15,19	0,00	10,00	25,19 (*)
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCC, S.A.	2,17	10,00	6,67	18,84
LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A.	4,93	4,90	4,90	19,83

(*) A oferta presentada polo licitador AVANZA ENVIROMENT S.L. incorre en presunción de anormalidade (art. 149 LCSP), polo que a Mesa acorda requirir a xustificación desta oferta no prazo de cinco (5) días hábiles, acompañando a documentación indicada na cláusula novena do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

3.- Do informe técnico emitido con data 14.09.2024 polo técnico redactor do proxecto constátase que a oferta anormalmente baixa presentada pola empresa AVANZA ENVIRONMENT S.L. non está correctamente xustificada, polo que a Mesa acorda a exclusión deste licitador.

4.- A Mesa formulou unha proposta de adjudicación a favor da seguinte empresa, por ser o licitador que presentou a mellor oferta:

PROPUESTA DE ADJUDICACIÓN	
Licitador:	LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A. CIF: A70124201
Importe:	63.323,67 € + 13.297,97 € (IVE). TOTAL: 76.621,64 €
Plazo de ejecución:	1 mes

Constan no expediente de contratación iniciado para o efecto as seguintes autorizacións sectoriais:

* Autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Expte 698/24

*Augas de Galicia, conformidade coa declaración responsable presentada (data recepción: 11.03.2024). Expte DH.W15.99534

Con data 24.09.2024 a empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello e polo técnico redactor do proxecto, resulta correcta.

Con data 24.09.2024 emitíuse pola Intervención municipal un informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 158 e na Disposición



Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 335/2019 de 26.06.2019 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
2. Adxudicar o contrato de obras denominado MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25 por procedemento aberto simplificado abreviado coas seguintes condicións:

Adxudicatario:	LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A. CIF: A70124201
Importe:	63.323,67 € + 13.297,97 € (IVE). TOTAL: 76.621,64 €
Plazo de execución:	1 mes

3. Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.
4. Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.
5. Notificar á empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A., adxudicataria, o presente acordo.
6. Publicar a Resolución de adxudicación do contrato de obras “MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25” na Plataforma de Contratos das Administracións Públicas.
7. Enviar ao adxudicatario a Resolución de adxudicación do contrato, solicitando a súa devolución asinada dixitalmente en proba de conformidade.
8. Recibida a Resolución de adxudicación asinada dixitalmente, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.
9. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
10. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.
11. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

13. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:



13.1 LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000043

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.09.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 27.09.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000043

OBXECTO:	Rehabilitación e ampliación da _____ para uso vivenda unifamiliar illada en _____
PROMOTOR/A:	_____
EXPTE RELACIONADO:	2024/U026/000021
CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo non urbanizable de núcleo rural
REFERENCIA CATASTRAL:	_____
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	287.276,01
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proyecto básico de rehabilitación y ampliación de la rectoral de régoa para uso vivienda unifamiliar aislada situada en lugar de adro, n.º 6 Concello de Cedeira (A Coruña) de data Novembro 2022. Proyecto de ejecución de rehabilitación y ampliación de la rectoral de régoa para uso vivienda unifamiliar aislada situada en lugar de adro, n.º 6 Concello de Cedeira (A Coruña) de data xullo 2023.
TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO:	Montero Parapar arquitectos S.L.P. sociedade colegiada COAG n.º 20313 Ramón Montero Cereijo arquitecto COAG 3759 e Carmen Pérez Parapar arquitecto COAG 4362
TÉCNICO DIRECTOR DAS OBRAS: DIRECTOR EXECUCIÓN E COORDINADOR DE SE Y SA:	Ramón Montero Cereijo Juan Antonio Tuimil Garcia
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	- Resolución do Servizo Do Patrimonio Cultural (sxp: ct.102a.2023/562-0) sobre control e seguimento arqueolóxico na rehabilitación e ampliación da rectoral de régoa para uso de vivenda unifamiliar no lugar do Agro nº6. Cedeira (A Coruña) de data 28.07.2023. - Resolución da Dirección Xeral Do Patrimonio Cultural (Exp: 3414/22) sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia de data 03.05.2024. - Resolución de Augas de Galicia (clave: DH.W15.89391) para autorización de obras de rehabilitación de vivienda unifamiliar e outras edificacións, piscina, pozo, muro e urbanización exterior no lugar de adro nº 6 parroquia de Régoa (Santa María), no Concello De Cedeira (A Coruña) de data 04.07.2024.
NORMAS DE APLICACIÓN	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura



DIRECTA:	tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CESIÓN DE VIAIS:	46,60 m ²
CONDICIONADO:	CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 23.09.2024
- Visto o informe xurídico emitida pola Técnico de Administración Xeral de data 26.09.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

6º) Notificar o presente acordo á persoa interesada. ”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13.2 CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO "CEDEIRA MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARIÑEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE". CÓDIGO PE155A-2024-00111

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.09.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO "CEDEIRA MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARIÑEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE". CÓDIGO PE155A-2024-00111



expte. TEDEC 2024/C002/000037

Mediante a Resolución da Consellería do Mar de data 08.07.2024 foi concedida unha axuda ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo aprobada polo GALP 1. A Mariña-Ortegal para o proxecto “CEDEIRA MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARIÑEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE”, polo importe total de 61.674,72 € dividido en tres anualidades:

- anualidade 2024: 14.555,04 €
- anualidade 2025: 25.495,84 €
- anualidade 2026: 21.623,84 €

O importe correspondente á anualidade 2024 inclúe as seguintes actividades e polas contías indicadas:

Actividade 1. Deseño da imaxe gráfica do proxecto:	900,00 €
Actividade 2. Accións de promoción:	728,96 €
Actividade 3. Elaboración de material didáctico:	3.000,00 €
Actividade 4. Obradoiros en centros escolares:	2.400,00 €
Actividade 5. Certame escolar de estilo de vida saudable:	1.200,00 €
Actividade 6. Rutas guiadas para a posta en valor do territorio:	3.800,00 €
TOTAL (sen IVE) :	12.028,96 €

Constan os seguintes presupostos presentados para o proxecto citado, correspondente á anualidade 2024:

EMPRESA CIF/NIF	REX. ENTRADA E DATA	CONCEPTO	IMPORTE SEN IVE (€)	IVE (21 %)	IMPORTE TOTAL (IVE INCL) (€)
GOODLIFE FACTORY, S.L. CIF B70534573	2024/999/1832 06.09.2024	Orz 42/2024: Actividades incluídas no proxecto “Cedeira mar de vida: promoción do produto mariñeiro como fonte de saúde e hábitos de vida saudable”, anualidade 2024	12.028,96	2.526,08	14.555,04
SISTEMAS DISEÑO Y PRODUCCIÓN GRÁFICA S.L. CIF B15272438	2024/999/1888 19/09/2024	Orz 6818: Actividades incluídas no proxecto “Cedeira mar de vida: promoción do produto mariñeiro como fonte de saúde e hábitos de vida saudable”, anualidade 2024	12395,00	2602,95	14997,95
MICE GALICIA S.L. CIF B70457999	2024/999/1901 23/09/2024	Orz 58/setembro 2024: Actividades incluídas no proxecto “Cedeira mar de vida: promoción do produto mariñeiro como fonte de saúde e hábitos de vida saudable”, anualidade 2024	12325,00	2588,25	14913,25

Con data 23.09.2024 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 14.555,04 € (IVE incluído).



Consta no expediente o informe de retención de crédito de data 24.09.2024 emitido pola Intervención municipal, polo mesmo importe.

Por todo o exposto, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a GOODLIFE FACTORY, S.L., con CIF B70534573, o servizo de asistencia técnica para o proxecto “Cedeira mar de vida: promoción do produto mariñeiro como fonte de saúde e hábitos de vida saudable”, anualidade 2024 (código PE155A-2024-00111), de acordo co presuposto núm. 42/2024 polo importe de **12.028,96 € e 2.526,08 € en concepto de IVE (total 14.555,04 € incluído o IVE)**.
- 3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:43 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ